

## A CORUÑA E A SÚA BANDA MUNICIPAL

Na actualidade, A Coruña pode gabarse, e con razón, de ser a cidade musicalmente máis avanzada de Galicia. Estamos xa de cheo no século XXI e esta situación é o froito dunha dilatada carreira que comeza moitos anos atrás. Dende os primeiros pasos desta carreira, a cidade estivo sempre acompañada por una institución que fixo boa parte do traballo máis duro para colocar a Marineda no lugar que hoxe ocupa: a Banda Municipal.

Son máis de 60 anos de historia nos que o seu traballo principal foi, ao meu humilde entender, o de crear unha masa crítica entre os afeccionados á música. Ollando os seus programas dende aqueles primeiros anos podemos atopar obras de moi distinto calado, de orixes diversas, encargos, estreas, e unha mancha de composicións que, paseniño, foron dándolle forma a unha maneira de entender a música e a unha evidente querencia por ela. Esa masa crítica sería, co paso do tempo, a responsable de conseguir situar á cidade no privilexiado lugar que agora ocupa, mantendo dous conservatorios, unha orquestra sinfónica, agrupacións camerísticas, festivais... E todo o que, musicalmente, define á Coruña.

Para acadar esa situación, a Banda estivo sempre presente. Cos seus programas dominicais, coas súas actuacións en rúas e prazas, coas súas colaboracións pedagóxicas no entón chamado "Conservatorio de Música y Declamación", coa súa participación en proxectos alleos... Co seu profundo amor pola música e máis pola cidade á que tan dignamente representa.

Sen a existencia dun grupo de profesionais como os que integraron a Banda ao longo da súa traxectoria, sería impensable a Coruña musical deste século XXI. E todo, grazas ao teimudo esforzo de dous homes que, aló polo ano 1948, quixeron poñer a andar o proxecto: Antonio López Prado e Alfonso Molina. Dous visionarios que foron capaces de imaxinar unha cidade enchoupada en fusas e semicorcheas.

As cidades distínguense unhas das outras cando adoptan posturas non miméticas e aprenden a valorar as súas características diferenciais. A Banda Municipal de A Coruña é un dos elementos que marcan esa diferenciación con respecto a outras cidades semellantes.

Por todo iso, mil grazas e a miña máis fervente felicitación pola súa excelencia artística.

**ROGELIO GROBA**

# PROGRAMA 17.09.2015

*Banda de música  
Municipal de A Coruña*



**BMMC**

BANDA MUNICIPAL  
DE MÚSICA DE A CORUÑA



**XOVES 17 de setembro de 2015**

**Director convidado:**

**Andrés Valero Castells.**

## **PROGRAMA**

**Marcha de pompa y circunstancia nº 4**

**E. Elgar**

**1ª Suite en Mib Op. 28 / 1**

**G. Holst**

**2ª Suite en Fa Op. 28 / 2**

**G. Holst**

**La Italiana en Argel Obertura**

**G. Rossini**

**Romance (2011 – AV31g)**

**A. Valero**

**Palindromía flamenca**

**A. Ruda**

**Vindeiro concerto:**

**MÉRCORES 23 de setembro - 20h - Teatro Rosalía de Castro.**

Director J. L. Represas

Solistas: Javier Galán barítono.

Andrés VALERO-CASTELLS (Silla, 1973). Se forma en los CCSS de Valencia y Murcia, titulándose en 8 especialidades, con 4 Menciones de Honor y Premio Fin de Carrera en Composición. Han sido sus profesores más destacados R. Ramos, L. Balada, E. García Asensio, E. Cifre, M. Galduf, J. Mª Vives, V. Campos, etc. Ha asistido a cursos de perfeccionamiento con B. Ferneyhough, J. Rueda, J.M. López, C. Halffter, T. Marco, L. de Pablo, M. Hernández Silva, P. Sánchez Torrella, etc. Ha obtenido el Diploma de Estudios Avanzados (D.E.A.) por la Universidad Católica de Valencia. Desde 2004 ocupa una cátedra de composición en el Conservatorio Superior "J. Rodrgio" de Valencia. Ha recibido premios y distinciones en Francia, Italia, EEUU y España. Sus obras se han interpretado en la mayor parte de Europa, EEUU, Argentina, Puerto Rico, Japón, Corea, Singapur, Hong Kong, etc. Ha recibido encargos de varias instituciones, así como de importantes conjuntos y solistas. Sus partituras están editadas en España, Francia, Suiza, y EEUU. En el terreno orquestal ha estrenado con las sinfónicas de Valencia, Galicia, Córdoba, Murcia, RTVE, Nacional de España, The World Orchestra, solistas del Covent Garden, Filarmónica de Medellín, etc. Sus trabajos para banda han sido interpretados por las mejores formaciones nacionales y prestigiosas bandas extranjeras. De su amplia discografía (realizada en España, Noruega, Francia, Suiza, Holanda, EEUU, y Japón) destacan los monográficos producidos por el I.V.M. y la World Wind Music holandesa. Ha sido directivo de la Asociación de Compositores Sinfónicos Valencianos, compositor residente del Festival Internacional Spanish Brass (2005), y de la Joven Orquesta de la Generalitat Valenciana (2005-06). Ha sido el primer compositor vivo interpretado en el Palau de les Arts "Reina Sofía" de Valencia (2006).

Ha sido Director Principal Invitado de la Orquesta y Banda Primitiva de Llíria, y fundador del ensemble Estudi Obert. Fue director de las bandas del CIM de Mislata, y de la SAM de Picassent. Como invitado ha dirigido entre otras formaciones, la Orquesta de Valencia, las Bandas Municipales de Valencia, Madrid, Barcelona, Alicante, y Santiago de Compostela, así como la banda de la FSMCV, y el Día de la Música Valenciana en dos ocasiones. Ha dirigido el estreno en España de la "Sinfonía nº 2" de L. Balada, "Prayer" de H. Mertens, "Red Cape Tango" de M. Daugherty, y "Estudi per l'intonazione del mare" de S. Sciarrino, para 210 músicos, (Ensems 2004), así como varios estrenos absolutos, destacando la ópera "Narayantán" de R. Mira (Ensems 2005), y bastantes de sus obras.